



**ASISTENTES:**

AGUÍN SUÁREZ, DIEGO  
ALBO LÓPEZ, M<sup>a</sup> ELENA  
ALFONSO PALLARÉS, MIGUEL ÁNGEL  
ALONSO CARRERA, JAIME  
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ ÁNGEL  
ÁLVAREZ VILLAMARÍN, JOSÉ C.  
ANAYA REVUELTA, INMACULADA  
ANTÓN VEIGA, DAMIÁN  
ARAUJO OTERO, UXÍA  
ARÉVALO TOMÉ, RAQUEL  
ARIAS FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> CRISTINA  
BADAQUI FERNÁNDEZ, AIDA  
BARAJAS ALONSO, ÁNGEL A.  
BARREAL DÍAZ, ÓSCAR  
BARREIRO ALONSO, ENRIQUE  
BARREIRO GARCÍA, RAMÓN  
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID  
BAZ ALONSO, X. DANIEL  
BENÍTEZ GONZÁLEZ, JULIO  
BERNAL GÓMEZ, ROSA  
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA  
BONOME GARCÍA, ANTONIO JOSÉ  
BOTANA FERREIRO, Fco. RAMÓN  
CABEZA PEREIRO, M<sup>a</sup> CARMEN  
CAMPOS CASAL, JACOBO  
CARBALLO-CALERO RAMOS, M<sup>a</sup> VICTORIA  
CARRERA MORAÑA, CARLOS  
CASAS RODRÍGUEZ, HÉCTOR  
CASTAÑAL GARCÍA, DANIEL  
CEBRO RODRÍGUEZ, JUAN M.  
CHAMORRO RIVAS, JOSÉ MARÍA  
CID FERNÁNDEZ, XOSE MANUEL  
CORBACHO ROSAS, EUSEBIO  
CORBACHO SUSO, PATRICIA  
COSTAS CURRÁS, JOSÉ DANIEL  
DA ROCHA ÁLVAREZ, JOSÉ M<sup>a</sup>  
DE LA MONTAÑA MIGUELEZ, JULIA  
DE LA TORRE FRAGA, DANIEL  
DE OCA CANCELA, GUILLERMO  
DE VICENTE REMESAL, JAVIER  
DEL VAL GARCÍA, JESÚS  
DÍAZ DE BUSTAMANTE, JAIME  
DOCAMPO AMOEDO, DOMINGO  
DOMÍNGUEZ CASTRO, LUIS  
DURANY CASTRILLO, JOSÉ  
ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA  
FERNÁNDEZ CASAS, LUIS  
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO  
FERNÁNDEZ IGLESIAS, MANUEL JOSÉ  
FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO J.  
FERNÁNDEZ LÓPEZ, ROBERTO IGNACIO  
FERNÁNDEZ PEQUEÑO, JUAN ANTONIO  
FERNÁNDEZ SABORIDO, ANXO MANUEL  
FERREIROA BARROS, MIGUEL  
FORJÁN CID, VANESSA M<sup>a</sup>  
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO  
FUENTES GARCÍA, ÓSCAR  
GALLEGO VEIGAS, PEDRO  
GALVEZ GALVEZ, JUAN FRANCISCO  
GARCÍA CUTRÍN, FRANCISCO J.  
GARCÍA MASEGOSA, ANTONIO  
GARCÍA VÁZQUEZ, JOSÉ MANUEL

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 10 de novembro de dous mil catro, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 10 de novembro de 2004**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 04/03/04 e da extraordinaria do día 06/05/04.
- 2.- Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 35, e) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
- 3.- Aprobación, se procede, do proxecto de Regulamento do Tribunal de Garantías elaborado pola Comisión nº 6 do Claustro universitario.
- 4.- Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a concesión do “Doutorado Honoris Causa”.
- 5.- Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno:
  - Sector Decanos/Directores de centros, departamentos ou Institutos universitarios de investigación: 2
  - Sector estudantes: 3
- 6.- Elección do presidente do Tribunal de garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:
  - Sector profesores funcionarios doutores: 1
  - Sector outro persoal docente e investigador: 1
  - Sector estudantes: 1

GIL MARTÍN, EMILIO  
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M<sup>a</sup>  
GÓMEZ GUDE, JORGE JUAN  
GÓMEZ REBOIRO, JOSÉ LUIS  
GONZÁLEZ ÁLVAREZ, DOLORES  
GONZÁLEZ CESPÓN, JOSÉ LUIS  
GONZÁLEZ Crespán, M<sup>a</sup> ARACELI  
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, XOSÉ MANUEL  
GONZÁLEZ NOVAS, ROBERTO  
GONZÁLEZ PIÑEIRO, MANUEL  
HERNÁNDEZ SÁNCHEZ, JESÚS  
IGLESIAS CANLE, INÉS CELIA  
IGLESIAS GALÁN, M<sup>a</sup> HILDA  
IGLESIAS RANDULFE, M<sup>a</sup> TERESA  
LABANDEIRA VILLOT, XAVIER  
LAGO FERREIRO, ALFONSO  
LAGO TEIJEIRO, JUAN MIGUEL  
LANAJA DEL BUSTO, JOSÉ M.  
LEGIDO SOTO, JOSÉ LUIS  
LEICEAGA BALTA, XOÁN A.  
LIZ MARZÁN, LUIS MANUEL  
LLAMAS NISTAL, MARTÍN  
LÓPEZ MIRA, ALVARO XOSÉ  
LÓPEZ VIDAL, M<sup>a</sup> DEL PILAR  
LÓPEZ DE SILANES VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> EUGENIA  
LORBADA RIOM, SARA  
LORENZO MERINO, FERNANDO JOSÉ  
LORES ÍNSUA, FRANCISCO XAVIER  
MARTÍ PELLÓN, DANIEL  
MARTÍNEZ ÁLVAREZ, NATALIA  
MATIAS FERNÁNDEZ, JOSÉ MARÍA  
MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO  
MAZAIRA CASTRO, ANDRÉS  
MÉNDEZ FRANCO, ÓSCAR  
MÉNDEZ MARTÍNEZ, GONZALO  
MOLLINEDO LOIS, CARLOS  
MORERA ARBONES, JUAN  
NAVARRO BELOSO, VANESA  
NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL ÁNGEL  
NOVOA ABELLEIRA, PATRICIA  
OTERO CAMIÑA, JOSÉ LUCIANO  
PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO  
PALACIO SÁNCHEZ, XOSÉ ANTÓN  
PASTRANA CASTRO, LORENZO MIGUEL  
PELETEIRO SALGADO, JOSÉ  
PÉREZ GUERRA, JAVIER  
PÉREZ LÓPEZ, SERAFÍN A.  
PÉREZ REYES, GABRIEL  
PÉREZ SAINZ, CARLOS  
POU SARACHO, JUAN MARÍA  
PRADA BLANCO, ALBINO  
QUINTELA VILARIÑO, FCO. JOSÉ  
RAMOS CABRER, MANUEL  
REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUÍN  
REY GARCÍA, DANIEL  
REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS  
RIVAS CONDE, FILEMÓN  
RODRÍGUEZ BERROCAL, FCO. JAVIER  
RODRÍGUEZ FUENTES, GUSTAVO  
RODRÍGUEZ SEOANE, MARÍA PILAR  
ROMÁN CARREIRO, ADRIÁN  
SÁNCHEZ BELLO, PATRICIO A.  
SÁNCHEZ BERMÚDEZ, ÁNGEL  
SANTALLA DEL RÍO, VERÓNICA  
SANTOS GARCÍA, JOSÉ SANTIAGO  
SEOANE PAMPIN-MONTENEGRO, ANSELMO  
SUÁREZ PAZOS, MERCEDES  
TABOADA CASTRO, JAVIER  
TESOURO MONTECELO, MARCOS  
TOJO SUÁREZ, JOSÉ E.  
TOJO SUÁREZ, M<sup>a</sup> DE LA CONCEPCIÓN  
TRONCOSO DURÁN, DOLORES  
TUGORES MARTORELL, FRANCISCO

7.- Elección dos representantes dos estudantes na Mesa do Claustro: 2 postos vacantes.

8.- Elección dos representantes dos estudantes na comisión electoral: 3 postos vacantes.

9.- Elección dos seguintes postos vacantes nas seis comisións do claustro encargadas de elaborar os regulamentos:

Comisión n<sup>o</sup> 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 5 estudantes.

Comisión n<sup>o</sup> 2 (Regulamento de estudantes e Regulamento de exames): 3 estudantes.

Comisión n<sup>o</sup> 3 (Regulamento de profesorado): 4 estudantes.

Comisión n<sup>o</sup> 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 4 estudantes.

Comisión n<sup>o</sup> 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 3 estudantes.

Comisión n<sup>o</sup> 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 5 estudantes.

10.- Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 04/03/04 e da extraordinaria do día 06/05/04.

Apróbanse por asentimento

UHIA ARDOIZ, AIDA  
VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO, ENRIQUE  
VAQUERO DÍAZ, M<sup>a</sup> BEATRIZ  
VARASA PAREDES, JAVIER  
VÁZQUEZ GESTAL, MONTSERRAT  
VÁZQUEZ LÓPEZ, EZEQUIEL M.  
VÁZQUEZ NUÑEZ, FERNANDO ANTONIO  
VELOSO FERNÁNDEZ, ÓSCAR  
VERA ISASA, MARÍA  
VILA FABELLO, M<sup>a</sup> DOLORES  
VILAS MARTÍN, FEDERICO  
VISO ALONSO, AUGUSTO

**DESCULPAN ASISTENCIA:**

PITA GRANDAL, ANA M<sup>a</sup>

**Punto 2.-** Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 35, e) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor informa de que no sorteo para a orde de intervención saíu a letra C.

A continuación o reitor presenta o informe anual polo que o profesor Manuel Ramos Cabrer pasa a presidir o claustro.

A intervención do reitor recóllese no Anexo I.

Ao remate ábrese unha quenda de palabra.

Intervén en primeiro lugar a señora Patricia Corbacho en relación co cambio de calendario escolar sinalado polo reitor e di que hai máis problemas que o de levalo á práctica o primeiro ano, xa que o feito de que só sexan dúas universidades as que levan a iniciativa pode causar problemas e, aínda que a idea en si é boa, a súa posta en práctica pode causar moitos trastornos. Remata preguntando se a convocatoria de decembro desaparece tal e como se di na prensa.

O reitor reconece que sempre hai problemas de enganche entre unha situación anterior e unha posterior, pero que hai que empezar a traballar co período transitorio. Sinala que non falou en ningún momento da supresión dos exames de decembro, este é un exame extraordinario que se pon onde mellor conveña mentres faga falta. Así mesmo di que son dúas universidades as que inician o debate pero este tema tratouse no Consejo de coordinación universitaria

O profesor Tojo comeza a súa intervención pedindo que se se pretende que despois do informe do reitor teña lugar un debate, debe figurar na orde do día. Di que ao longo destes anos de mandato do reitor foise xerando un deterioro da universidade xa que a acción de goberno centrouse principalmente en aspectos colaterais esquecéndose do fundamental que é a docencia e a investigación. A continuación cita algúns destes aspectos colaterais e polo tanto non prioritarios para a universidade:

- O cambio do calendario escolar.
- Cidade Universitaria SA (que supón un custe importante para esta universidade e máis aínda coa compra do edificio Miralles que a universidade non necesita.
- O proxecto de Cidade Tecnolóxica.
- O novo proxecto urbanístico, que é preocupante, xa que leva consigo un elevado impacto ambiental.

Opina que todos estes temas son secundarios mentres se solapan os temas prioritarios da programación plurianual como son:

- A necesidade dun plan estratéxico a medio e longo prazo sobre as titulacións que se van impartir.
- A mellora da calidade da docencia. Considera que é necesario implantar cursos cero e a figura do profesor titor.

- Sobre a permanencia do profesorado, evitar que profesores desta universidade vivan fóra da comunidade galega.
- A mellora do terceiro ciclo e do cuarto ciclo.
- En relación coa investigación denuncia a falta de planificación dos equipos de investigación, o funcionamento do CACTI convertido nun caixón de xastre, a falta de seguridade nos laboratorios, a non creación de novos institutos universitarios e a falta dun modelo de biblioteca universitaria.

Considera como irreparable a perda do edificio da Reitoría da rúa Areal, e critica que este tema non se debatera en ningún órgano de goberno con un punto na orde do día, engade que moitas decisións non son debatidas senón que chegan xa resoltas ao Consello de Goberno. Pide ao reitor unha solución para o próximo ano en relación coa festa de San Teleco e, que antes de abandonar a reitoría, debe deixar unha planificación de futuro.

Intervén o reitor na quenda de réplica para sinalar que cando chegou á reitoría atopou unha universidade prostrada e pouco respectada e sen embargo agora ten o respecto dentro da comunidade autónoma, dentro e fóra de España e está moi ligada á sociedade, di que non son os edificios os que dan esta proxección da universidade senón as iniciativas. Considera que é un erro tachar de asunto colateral o crecemento en infraestruturas e sinala que o CACTI está prestando un servizo cada ano mellor e que se está facendo un uso razoable dos recursos xa que o edificio segue prestando máis servizos que antes e con máis eficacia.

Coincide co profesor Tojo en que andamos mal coas mencións de calidade dos programas de doutoramento, pero non é o reitor o que consegue isto senón que son os Departamentos e os grupos de investigación os que teñen que facer propostas mellores. En relación coa seguridade nos laboratorios no orzamento de 2005, incluírase algunha partida destinada a ese tema. Considera que o profesorado non numerario desta universidade ten confiado ata agora neste equipo de goberno e remata sinalando que todas as cousas que fixo este reitor foi despois de levalas aos órganos de goberno correspondentes e saíron por maioría ou por unanimidade.

Intervén de novo o profesor Tojo para sinalar que si da importancia ás infraestruturas pero considera que os temas é necesario priorizalos e para el é prioritaria a seguridade nos laboratorios. Lembra que en anteriores gobernos as institucións financiaban os edificios e non entraron nunha sociedade anónima. Considera que o reitor cando ten os temas decididos e pactados os leva ao Consello de Goberno para a súa aprobación e non para oír a opinión da universidade.

O reitor contesta que agora xa se pode empezar a encaixar como unha prioridade dentro da institución a seguridade nos laboratorios e que, en xeral, hai que tratar de encaixar dentro do presuposto actuacións que van mellorar a vida dentro da mesma, xa que co novo plan de financiamento se pode falar do futuro con garantías de poder planificar.

Remata a súa intervención sinalando que o equipo de goberno leva os temas ao Consello de Goberno suficientemente traballados para que alí se poidan debater a conciencia.

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, do proxecto de Regulamento do Tribunal de Garantías elaborado pola Comisión nº 6 do Claustro universitario.

O reitor informa de que a proposta do Regulamento do tribunal de garantías foi aprobada por unanimidade pola comisión correspondente e que non se recibiu ningunha emenda no prazo establecido.

Apróbase a proposta de Regulamento do tribunal de garantías por asentimento.  
(Anexo II)

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a concesión do “Doutorado Honoris Causa”.

Trátase de adaptar a normativa aos novos estatutos nos que xa non é necesario que a proposta de “Doutor honoris causa” sexa ratificada polo Claustro.

Apróbase por asentimento a modificación da Normativa para a concesión do título de “Doutor honoris causa”. (Anexo III)

Antes de proceder ás votacións a mesa réunese para acordar que as urnas estarán abertas dende as 12:15 ata as 13:15 horas. A secretaria xeral informa das votacións que é necesario realizar e do procedemento.

**Punto 5.-** Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno:

Sector Decanos/Directores de centros, departamentos ou Institutos  
universitarios de investigación: 2  
Sector estudantes: 3

A secretaria xeral informa de que no sector Decanos/Directores hai dúas candidaturas para cubrir os dous postos vacantes, polo que non é preciso realizar votación.

Saen elixidos:

D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal – Director do Departamento de bioquímica, xenética e inmunoloxía.

D. Gustavo Rodríguez Fuentes – Director da E.U. de Fisioterapia

Polo sector de estudantes ahi seis candidatos para cubrir tres postos:

D. Carlos Carrera Moraña

D. Jesús del Val García

D. Anxo Manuel Fernández Saborido

D. Óscar Méndez Franco

D. Gabriel Pérez Reyes

D. Javier Varasa Paredes.

Antes de realizar a votación D. Carlos Carrera Moraña presenta a renuncia á súa candidatura.

Realizada a votación o resultado é o seguinte:

Carrera Moraña, Carlos .....	0 votos
Del Val García, Jesús .....	8 votos
Fernández Saborido, Anxo Manuel .....	20 votos
Méndez Franco, Óscar .....	18 votos
Pérez Reyes, Gabriel .....	8 votos
Varasa Paredes, Javier .....	18 votos

Saen elixidos: D. Anxo Manuel Fernández Saborido, D. Óscar Méndez Franco e D. Javier Varasa Paredes.

**Punto 6.-** Elección do presidente do Tribunal de garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:

Sector profesores funcionarios doutores: 1

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 1

Presentáronse ás seguintes candidaturas:

Presidente: D. José Luis Legido Soto.

Sector profesores doutores funcionarios: D. Jaime Cabeza Pereiro.

Sector outro persoal docente e investigador: D. Jaime Días de Bustamante.

Sector estudantes: D. Jacobo Campos Casal, D. Daniel Castañal García e D. Jesús del Val García.

É necesario realizar votación en todos os sectores, xa que o presidente necesita unha maioría de 2/3 dos claustrais asistentes á sesión e o resto necesita unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente.

Realizada a votación o resultado foi o seguinte:

Presidente do tribunal de garantías:

D. José Luis Legido Soto:

Votos a favor .....	38
Votos en branco .....	71
Votos nulos .....	3

O número de claustrais asistentes é de 147 polo que non sae elixido, xa que non obtén a maioría de 2/3.

Sector profesores funcionarios doutores:

D. Jaime Cabeza Pereiro:

Votos a favor .....	24
Votos en branco .....	32
Votos nulos .....	5

Non sae elixido por non obter a maioría de 2/3 (o número total de asistentes do seu sector foi 80).

Sector outro persoal docente e investigador:

D. Jaime Díaz de Bustamante:

Votos a favor .....	4
Votos en branco .....	8
Votos nulos .....	0

Non sae elixido por non obter a maioría de 2/3 (o número de asistentes do seu sector foi 15).

Sector estudantes:

D. Jacobo Campos Casal .....	1 voto
D. Daniel Castañal García .....	27 votos
D. Jesús del Val García .....	7 votos

Sae elixido D. Daniel Castañal García por obter a maioría de 2/3 (o número total de asistentes do seu sector foi de 37).

**Punto 7.-** Elección dos representantes dos estudantes na Mesa do Claustro: 2 postos vacantes.

Hai unha candidata e dous postos polo que sae elixida Dona Natalia Martínez Álvarez.

Queda un posto sen cubrir polo sector de estudantes.

**Punto 8.-** Elección dos representantes dos estudantes na comisión electoral: 3 postos vacantes.

Hai un só candidato e 3 postos, polo que sae elixido D. Miguel Ferreiroa Barros.

Quedan 2 postos vacantes polo sector de estudantes.

**Punto 9.-** Elección dos seguintes postos vacantes nas seis comisións do claustro encargadas de elaborar os regulamentos:

Comisión nº 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 5 estudantes.

Comisión nº 2 (Regulamento de estudantes e Regulamento de exames): 3 estudantes.

Comisión nº 3 (Regulamento de profesorado): 4 estudantes.

Comisión nº 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 4 estudantes.

Comisión nº 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 3 estudantes.

Comisión nº 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 5 estudantes.

Sómente é necesario realizar votación a comisión nº 2, no resto hai menos candidatos que postos a cubrir.

O resultado é o seguinte:

Comisión nº 1: sae elixido D. Óscar Barreal Díaz.

Quedan 4 postos sen cubrir.

Comisión nº 2: O resultado da votación foi o seguinte:

Aguín Suárez, Diego .....	8 votos
Araújo Otero, Uxía .....	17 votos
Campos Casal, Jacobo .....	2 votos
Castañal García, Daniel .....	1 voto
Fernández Pequeño, Juan Antonio .....	19 votos
Varasa Paredes, Javier .....	17 votos

Saen elixidos: Don Juan Antonio Fernández Pequeño, Dona Uxía Araújo Otero e Don Javier Varasa Paredes.

Comisión nº 3:

Sae elixido Don Jesús del Val García.

Quedan 3 postos sen cubrir.

Comisión nº 4:

Saen elixidos Don Anxo Manuel Fernández Saborido e Don Francisco José Quintela Vilariño.

Quedan 2 postos sen cubrir.



Comisión nº 5:

Saen elixidos Don Diego Aguín Suárez e Don Jesús del Val García.

Queda 1 posto sen cubrir polo sector outro persoal docente e investigador e outro polo sector de estudantes.

Comisión nº6:

Sae elixido Don Javier Varasa Paredes.

Quedan 4 postos sen cubrir.

**Punto 10.-** Rogos e preguntas.

O señor Ferreiroa Barros roga que no local do teatro se arreglen uns problemas relacionados co equipo de son e coas luces.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 10 de novembro de 2004, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e pr. do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe